

COMEZAMOS O CURSO!

Este curso é distinto, pero entre todos e todas conseguiremos un bo resultado. Comezamos o **día 10** os de **3 anos** co período de adaptación e cos horarios marcados, e os de **4 anos**, dende as 9:30 ata as 14:30. O centro estará aberto a partir das 9:20 para conseguir unha entrada escalonada. Á hora de recollida será ás 15:15

E o **día 11** comezan os de **5 anos**, no horario de 9:30 ata as 14:30 e o centro estará aberto dende as 9:20. A recollida ás 15:15

NORMAS “ COVID”

Coma xa sabedes o uso das máscaras nestas idades non é obrigatorio é recomendable. Como centro usaremos a máscara en espazos comúns e sempre que non esteamos co grupo estable de convivencia. As normas da Xunta esixen dúas máscaras, unha posta e outra de reposto nunha caixa etiquetada.

AS ENTRADAS E SAÍDAS

Os nenos de Educación Infantil poderán entrar acompañados dunha soa persoa ata o patio. Non se permite o acceso ao centro. A entrada será sempre durante todo o curso pola porta do ximnasio, polo que as súas filas estarán marcadas e orientadas cara esa porta. Cada neno ou nena terá asignado un número durante todo o curso debuxado no chan. Nas saídas os nenos e nenas estarán neses puntos de referencia para a súa recollida.

CURSO 2020-2021

Normas a seguir durante o curso seguindo as directrices do protocolo da Consellería de Educación e de Sanidade. Podedes consultalo en www.edu.xunta.es

Para acadalas ademais da participación de toda a comunidade educativa, está constituído o equipo covid do centro.



Ceip Pumar –
Urdilde

Temos que marcar as distancias para que se establezan os grupos estables. Debemos atender e respectar as sinalizacións.



MATERIAL DA AULA

Este ano non poden traer ningún xoguete da casa. Nas mochilas traerán:

As merendas nun recipiente e unha cantimplora con auga, ambas etiquetadas, unha muda por fan pis, no caso de facer caca terán que vir os pais a cambialo ou cambiala. Unha caixa coa máscara de reposto e o mandilón.

Seguiremos co uso de zapatillas para maior limpeza na aula e por suposto, para que sigan co sentimento de que están na súa casa. Os venres levaranas a lavar.

Para o material da aula seguirase pedindo e de forma voluntaria, unha achega económica ou de ser o caso, quen o prefira unha lista de material do mesmo valor ca aportación.

TITORÍAS E REUNIÓNS

Salvo casos especiais que requiran unha titoría , será todo por vía telefónica ou por videochamada (protocolo Xunta)

QUE PASA SE HAI UN POSIBLE CASO NA AULA ?

Todos os pais tendes que asinar un modelo de declaración responsable se nalgún caso o voso fillo ou filla, ou alguén da súa contorna pode ser positivo en covid, non poidendo asisitir ao centro. Se o neno/a presenta algún dos síntomas compatible coa covid, aillarase na **aula covid** e avisare ás **familias**. Vós chamaredes ao **centro de saúde** e dende aí darán as pautas a seguir. *É importante que os nenos e nenas non veñan enfermos, non só pola covid.*



SENTIDIÑO!

CELEBRACIÓNS

Non esqueceremos os aniversarios dos nosos peques, pero non poderán traer tarta, nin invitacións, nin agasallos...Soprar candeas dun xeito especial e terán igualmente esa foto en grupo e os seus parabéns.

CONTACTOS

As mestras de Educación Infantil estaremos a vosa disposición para calquera dúbida. Non olvidedes que é un traballo de grupo e que todos dependemos de todos.

Teremos a páxina web do centro, o tokapp e a aplicación Abalar.

Moitas grazas!!